

O MUNDO QUE NOS RODEA

As capas da Terra: a hidrosfera e a xeosfera

Nome _____

Data _____

Unha Cidade Encantada en Cuenca

Na localidade de Valdecabras (provincia de Cuenca) existe un lugar que se chama Cidade Encantada. Cres que alí vas poder atopar fadas, trastos, magos...? En realidade, non.


Nesta paraxe, fenómenos atmosféricos como o vento, a chuvia e o xeo de xeadas e nevadas esculpiron, durante miles de anos, unhas curiosas figuras nas rochas.

Estas formas modeladas pola natureza lembran distintos tipos de animais, figuras humanas, plantas, obxectos...

Por iso, as persoas puxéronlles nomes, coma a ponte romana, o mar de pedra, os barcos, o can, a foca, os osos, o tobogán...

Estas formacións atópanse nun bosque de piñeiros. Ao camiñar polos carreiros que hai nel, as figuras van xurdindo pouco a pouco entre a vexetación, polo que parecen dominadas por algún feitizo máxico, de aí o nome de Cidade Encantada.

Tal é a importancia deste lugar que foi declarado Sitio Natural de Interese Nacional en 1929.

**1 Le o texto e contesta.**

- En que lugar da península ibérica se atopa a Cidade Encantada?

- Que se pode ver nesta paisaxe? _____




- Por que se chama Cidade Encantada? _____

- Que outros nomes podería recibir? _____

2 Como actuaron a auga e o vento na Cidade Encantada para crear esa paisaxe?

3 Que outros factores interveñen na formación das paisaxes? Pon un exemplo.

4 Observa estas imaxes e contesta.



- Cal destas paisaxes foi formada pola acción do vento? Xustifica a resposta.

- Cales se produciron pola acción da auga? Xustifica a resposta.

5 Que procesos de erosión, transporte ou sedimentación se poden dar nesta parte do río?
Razoa a túa resposta.

